

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Venres 13 de xaneiro de 2023
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS-Teams
- Hora de inicio: 12:05 h
- Asistentes: Adrián Carpena Viqueira, Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, Miguel Mauricio Iglesias, Trinidad de Miguel Bouzas, Ramón F. Moreira Martínez, Eva Rodil Rodríguez, M. Dámaso Rodríguez Fernández, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: Gumersindo Feijoo Costa, Anuska Mosquera Corral.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 14-12-2022.
2. Informes.
3. Solicitudes de recoñecemento de complemento por mérito docente (quinquenios), convocatoria 2022.
4. Oferta de prazas no máster para o curso 2023-2024.
5. Proposta de PDA para o curso 2023-2024.
6. Asuntos de trámite.
7. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 14-12-2022.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informes.

2.1) Convocatoria de axudas a prácticas de campo do 2º semestre do curso 2022-2023.

Recibiuse da Vicerreitoría de Organización Académica a convocatoria de axudas para a realización de prácticas de campo nas titulacións oficiais da USC no 2º semestre do curso 2022-23. Desde o MEQB presentaranse en principio dúas propostas, ligadas a materias optativas do Módulo 4.

3. Solicitudes de recoñecemento de complemento por mérito docente (quinquenios), convocatoria de 2022.

O seguinte profesorado do MEQB cursou a súa solicitude de recoñecemento de complemento por mérito docente (quinquenios) ó abeiro da convocatoria de 2022:

- Díaz Jullien, Cristina
- Franco Uría, Amaya
- Garrido Fernández, Juan
- Mauricio Iglesias, Miguel
- Mosquera Corral, Anuska

- Soto Campos, Ana
- Vidal Tato, Isabel

Á vista da documentación presentada polas persoas solicitantes, a Comisión aproba informar favorablemente sobre a actividade e cumprimento das obrigas docentes de todas elas, coa abstención das persoas solicitantes que pertencen á propia Comisión nas súas respectivas valoracións.

4. Oferta de prazas no máster para o curso 2023-2024.

O pasado 23 de decembro recibíuse unha mensaxe do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA), indicando un prazo ata o próximo 7 de febreiro para presentar a proposta de oferta de prazas de titulacións de máster universitario para o curso 2023-2024. Para o curso 2022-2023 ofertáranse 25 prazas totais, desagregadas como 13 ordinarias (xuño) e 12 para estudantes de fóra do EEES (estando reservadas 10 desas 12 prazas para os convenios de dobre título). Para o curso 2023-2024, a Comisión acorda manter esta mesma oferta de prazas.

5. Proposta de PDA para o curso 2023-2024.

Desde a Vicerreitoría de Organización Académica notificouse a apertura do prazo, ata o 7 de febreiro, para que os centros formulen a súa proposta de PDA para o curso 2023-2024. Examinada a proposta de PDA para o MEQB elaborada pola propia Vicerreitoría, detectáronse os seguintes aspectos a corrixir:

- En “Bioprocesos” figura 1 grupo de expositivas, cando deberían ser 0 grupos.
- Ídem en “Técnicas e metodoloxías en laboratorios de I+D”.
- En “Traballo Fin de Máster”, figura 1 grupo de expositivas para cada área, cando deberían ser 0 grupos.

Ademais, e en liña con anos anteriores, a Comisión acorda solicitar a creación dun grupo adicional (en principio como grupo dentro de PDA, e de non ser posible analizaríase a posibilidade de facelo como grupo de centro) para as horas interactivas de laboratorio da materia Deseño Conceptual de Procesos.

6. Asuntos de trámite.

Por causas recentemente sobrevidas, ó profesor Juan Piñeiro xurdíronlle incompatibilidades horarias para varias das sesións da materia Xestión Empresarial no módulo 3 que comeza a semana vindeira. En coordinación co profesorado de Dirección de Proxectos de Enxeñaría e de Habilidades Directivas, chegouse a unha alternativa que resolve estas incompatibilidades, redeseñando a programación da actividade docente dos días 2, 3, 7, 9, 10, 16 e 17 de febreiro. A nova versión do horario do módulo 3 para este curso 2022-2023, unha vez introducidos os cambios propostos coordinadamente polo profesorado das diferentes materias do módulo, figura no Anexo I.

A Comisión aproba por asentimento esta proposta de modificación de horarios do módulo 3 para o curso 2023-2024.

7. Rolda aberta de intervencións.

O Coordinador anuncia que participará o 25 de xaneiro na actividade de difusión internacional de mestrados oficiais que organiza a Vicerreitoría de Titulacións. Tamén anuncia que o 31 de xaneiro terá lugar unha nova edición da Xornada de Investigación en Enxeñería Química dentro da programación da Aula Profesional da ETSE.

Coméntase a conveniencia de contactar xa con alumnado de 4º de GrEQ, alumnado presente do MEQB e egresados do MEQB para pulsar a súa opinión respecto da denominación específica que ten o Máster.

Sendo as 12:40 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2023.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB

Anexo I – Novo horario do módulo 3, curso 2022-2023

MODULO 3: DIRECCION Y GESTION EMPRESARIAL Versión 13-1-2023

CURSO 2022-2023

Ene-2023						Ene-2023						Ene/Feb-2023											
lunes		martes		miércoles		jueves		viernes		lunes		martes		miércoles		jueves		viernes					
16		17		18		19		20		23		24		25		26		27					
9-10				HD	HD	HD-tut1.G1				9-10	DPI	HD	HD	HD	HD			9-10	HD	HD	HD-tut2-G1	DPI	AI-DPI
10-11				HD	HD	HD-tut1.G2				10-11	HD	HD	HD	HD	HD			10-11	HD	HD	HD-tut2-G2	DPI	AI-DPI
11-12				CE	CE	CE				11-12	CE			CE	CE			11-12	CE	DPI	GE	HD	GE
12-13				CE	CE	CE				12-13	CE			CE	CE			12-13	CE	DPI	GE	HD	GE
13-14				CE	CE	CE				13-14	CE			CE	CE			13-14	CE		GE		GE
16-17						DPI				16-17								16-17			CE-tut.G1		
17-18						DPI				17-18								17-18			CE-tut.G2		

Feb-2023						Feb-2023						Feb-2023																	
6		7		8		9		10		13		14		15		16		17		20		21		22		23		24	
9-10	HD	HD	HD-tut3.G1	DPI	HD					9-10	HD	HD	HD	DPI-tut.G1	HD-tut4.G2					9-10									
10-11	HD	HD	HD-tut3.G2	DPI	HD					10-11	HD	HD	HD	DPI-tut.G2	9-10:30					10-11									
11-12	GE	AI-DPI	GE	HD	GE					11-12	GE	DPI	GE	HD-tut4.G1	GE-tut.G1					11-12									
12-13	GE	AI-DPI	GE	HD	GE					12-13	GE	DPI	GE	11-12:30	GE-tut.G2					12-13									
13-14	GE	DPI (1.5h)	GE	GE	GE					13-14	GE		GE							13-14									
16-17	DPI			DPI						16-17				AI-DPI						16-17									
17-18	DPI			DPI						17-18				AI-DPI						17-18									

Habilidades directivas	HD
Gestión empresarial	GE
Creación de empresas	CE
Dirección de proyectos de ingenieri	DPI

Módulo incluido en el 2º semestre (Calendario escolar aprobado por Consejo de Gobierno de 9 de marzo de 2022)
Clases expositivas, seminarios y tutorías: Aula A5